

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2021

eventos destacados

Saúde Mental FEAFES Galicia

r/ Aragón 147, 36206 Vigo

O movemento asociativo de SAÚDE MENTAL ESPAÑA ten xa identidade visual para o próximo Día Mundial da Saúde Mental 2021, cuxo lema elixido por votación popular é «A saúde mental, un dereito necesario. Mañá podes ser ti». A temática deste ano está en liña coa que marca a Federación Mundial para a Saúde Mental (WFMH) a nivel global, que é a defensa dunha saúde mental nun mundo desigual, un tema que cobra especial importancia no contexto da pandemia por COVID-19.

O obxectivo deste lema é denunciar as desigualdades que existen ao redor da saúde mental e que poden ocorrer por diversos motivos (económicos, por idade, por xénero, por educación ou por lugar xeográfico), así como reivindicar a importancia de que a atención á saúde mental sexa igual para todas as persoas. Ademais, o lema pretende concienciar sobre o feito de que a saúde mental afecta a todo o mundo e que, por iso, todos e todas debemos coidala.

[Máis información](#)

Fundación Érguete Integración

Avda. Martínez Garrido, 21 int. 36205 Vigo

Fundación Érguete Integración, está a realizar tres accións formativas dentro do Proxecto ABEIRO, para a formación e cualificación de 30 persoas privadas de liberdade, 10 en cada centro penitenciario (A Lama, Pereiro de Aguiar e Teixeira) como Auxiliares de Psiquiatría, de modo que poidan realizar as funcións de Interno ou Interna de Apoio, tal como recolle o programa Marco PAIEM da Secretaría Xeral de Institucións Penais, desde 2009. A duración de cada formación é de 226 horas, cunha certificación homologada de 300 horas. As tres accións foron iniciadas nos meses de xullo-agosto e finalizarán antes do 31 de decembro.

O día 15 de setembro, desenvolvemos unha actividade co alumnado de Auxiliar de Psiquiatría de CP A Lama e os residentes do módulo mixto. Participaron uns 40 internos- as en total. O alumnado realizou unha dinámica co módulo para desmontar os mitos ao redor da saúde mental, a actividade consistiu en posicionarse a favor ou en contra de cada mito e argumentar a postura, o grupo de alumnos- as cos coñecementos adquiridos foi desmontando os argumentos incorrectos. A continuación algúns alumnos comentaron a importancia da formación que estaban a recibir e como está a contribuír a ver con outros ollos a compañeiros penados con EM, pero sobre todo a conciencia colectiva que están a adquirir e de responsabilidade para con estas persoas as cales cumpren unha dobre condena, a imposta por un xuíz e unha contorna



pouca favorable para que o seu estado de saúde sexa estable. Por esta razón, como última parte desta actividade, púxose en valor a figura do interno-a de apoio, recollida dentro do programa PAIEM, co fin de que outros internos ou internas tomen parte na seguinte formación, que previsiblemente será a primeiros de 2022.

[Máis información](#)

Asociación Ciudadana de Lucha Contra la Droga Alborada - Programa Verdear

C/ Subida a Cotogrande, 36.214 Cabral Vigo.

Actos conmemorativos - "Saúde Mental, adiccións e colectivos en exclusión"

7 de outubro. Xornada de Encontro, Entre Colectivos: usuarios do CIIES – usuarios Verdear

- 11.00 Acollida, visita as instalacións de Verdear
- 11.30 Bocadillo
- 12.00 Faladoiro: compartindo, a atención da saúde mental vista desde os pacientes.
- 13.00 Conclusións.

9 de outubro - In Memoriam: recordo ás persoas falecidas o último ano

- 11.00 h Recepción de invitados e acompañamento polas instalacións. Actuación musical.
- 11.30 h Acto conmemorativo "¿Que celebramos?": Participación de compañeiros e responsable do programa.
- 12..00 Presentación sobre a figura das dúas persoas lembradas.
- 12.30 Inauguración dun espazo en recordo persoas lembradas.

[Máis información](#)

DOA Saúde Mental

C/ Romil no 84, 36211 Vigo

8 de outubro - Lectura do manifesto conmemorativo do Día Mundial da Saúde Mental, entre as 12:00 e as 13:00 horas, na praza do Rey de Vigo.

[Máis información](#)